

# Consortio para la Promoción de la Música

---

**Expediente núm.:** 838/2020

**Resolución de Gerencia con número y fecha establecidos al márgen**

**Procedimiento:** Devolución de Ingresos

**Asunto:** Devolución abonos temporada 2019-2020 por cancelación conciertos como consecuencia del covid-19

## RESOLUCIÓN DE GERENCIA

O 14 de marzo de 2020, o Goberno central ditou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O 15 de marzo de 2020, a aparición e a evolución pandémica do coronavirus esixiu a adopción de medidas preventivas para protexer a saúde do persoal empregado público. Coa citada premisa, o Consortio para a Promoción da Música aprobou, en data 16/03/2020 un protocolo que contén as medidas implementadas coa finalidade de evitar a propagación do virus, adaptando a súa singularidade os protocolos aprobados para o Concello da Coruña. A través dese documento, articuláronse os mecanismos necesarios para establecer un protocolo sobre a forma de actuar ante a sospeita da infección dun/dunha empregado/a público/a e se estableceron as medidas específicas para o persoal do Consortio, canalizando a atención ao público a través de medios telemáticos e telefónicos, fornecendo o teletraballo e cancelando as actividades presencias da Orquesta Sinfónica de Galicia (OSG). Así concretamente se procedeu a suspender os concertos dos abonos dos venres e dos sábados da tempada 2019/2020.

Visto o informe de Secretaría-intervención de data 2 de xullo de 2020 no que se recolle a normativa para aplicar.

Visto o informe da Tesourería de data 3 de xullo de 2020 onde se detalla os concertos dos abonos que se tiveron que suspender e o importe para devolver, do que resulta que se cancelaron 11 concertos do ciclo inverno-primavera do Abono Venres e 4 concertos do Abono Sábado.

### Concertos “**Abono viernes**”:

- Abono nº 15 de fecha 20.03.2020
- Abono nº 16 de fecha 27.03.2020
- Abono nº 17 de fecha 03.04.2020
- Abono nº 18 de fecha 17.04.2020
- Abono nº 19 de fecha 24.04.2020
- Abono nº 20 de fecha 04.05.2020
- Abono nº 21 de fecha 15.05.2020
- Abono nº 22 de fecha 22.05.2020
- Abono nº 23 de fecha 29.05.2020
- Abono nº 24 de fecha 05.06.2020
- Abono nº 25 de fecha 12.06.2020
- 

### Concertos de “**Abono sábado**”:


---

#### Consortio para la Promoción de la Música

Glorieta de América nº 3 (Palacio de la Ópera), A Coruña. 15004 (A Coruña). Tfno. 981-252021. Fax: 981-277499

info@sinfonicadegalicia.com-[www.sinfonicadegalicia.com](http://www.sinfonicadegalicia.com)-

<http://consorciopromocionmusica.sedelectronica.gal>- C.I.F.: P-6503001-G



## Consortio para la Promoción de la Música

---

- Abono nº 08 de fecha 28.03.2020
- Abono nº 09 de fecha 25.04.2020
- Abono nº 10 de fecha 23.05.2020
- Abono nº 11 de fecha 13.06.2020

Feitos os correspondentes cálculos, as cantidades que resultan a devolver ós abonados/as pola cancelación dos concertos sinalados anteriormente ascenden a un total de 171.906,55 €, co seguinte desglose:

- 151.750,39 € corresponden ós Abonos Venres
- 20.156,16 € corresponden ós Abonos Sábado

Unha vez finalizadas as chamadas telefónicas a todos/as os/as abonados/as e tendo en conta que o cobro da venda dos abonos podería haberse feito en efectivo, por transferencia bancaria, con cargo en conta ou ben con tarxeta bancaria e tendo tamén en conta, os feitos seguintes:

- Que houbo abonados/as que cando foron chamados/as polo persoal do Consortio manifestaron o seu desexo de renunciar á devolución do importe que lles podería corresponder en favor do Consortio para a Promoción da Música

- Que os abonos que foron cobrados con tarxeta bancaria teñen que ser devoltos tamén por tarxeta bancaria

- Que o Consortio considera convinte adoptar o acordo de que as cantidades resultantes da renuncia dos abonados/as aos importes que lles poideran corresponder pola cancelación dos concertos e que ascenden a un total de 29.567,89 €, sexan consideradas “aportacións feitas no exercicio de funcións de mecenazgo previstas na Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de incentivos fiscales al mecenazgo”.

Visto o informe de tesourería de data 3 de xullo de 2020 onde se detalla como serán devoltos os importes aos abonados cuxo tenor literal é o seguinte:

**“6.910,37 €** serán devoltos directamente por Abanca (previo envío pola nosa parte da correspondente listaxe) xa que éstos foron vendidos a través do Canle Abanca. Deles, 5.090,69 € corresponden ao Abono Venres e 1.819,68 € corresponden ao Abono Sábado.

**77.045,93 €** serán devoltos directamente polo Consortio mediante transferencia bancaria ás contas bancarias que previamente foron facilitadas polos/as propios/as abonados/as. Deles, 70.110,41 € corresponden ao Abono Viernes e 6.935,52 € corresponden ao Abono Sábado.

**58.382,36 €** serán devoltos directamente por Abanca (previo envío pola nosa parte da correspondente listaxe). Éstes abonos foron vendidos directamente nas oficinas do Consortio para a Promoción da Música e pagados polos/as abonados/as con tarxeta bancaria. Deles, 49.919,64 € corresponden ao Abono Venres e 8.462,72 € corresponden ao Abono Sábado.

**29.567,89 €** corresponden a abonados/as que renuncian á devolución en favor do Consortio para a Promoción da Música e, polo tanto, e tal e como se fixo constar nun punto anterior éste importe pasa a ser considerado “aportacións feitas no exercicio de funcións de mecenazgo previstas na Ley

---

### Consortio para la Promoción de la Música

Glorieta de América nº 3 (Palacio de la Ópera), A Coruña. 15004 (A Coruña). Tfno. 981-252021. Fax: 981-277499  
info@sinfonicadegalicia.com-[www.sinfonicadegalicia.com](http://www.sinfonicadegalicia.com)-  
<http://consorciopromocionmusica.sedelectronica.gal>- C.I.F.: P-6503001-G



## Consortio para la Promoción de la Música

---

49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de incentivos fiscales al mecenazgo” e pasan a incrementar a relación de mecenas denominados “AMIGOS DA SINFÓNICA DE GALICIA”

**Esta Xerencia de conformidade co previsto no artigo 10 dos vixentes Estatutos**

### RESOLVE:

**1.- Recoñecer o dereito a devolución do importe dos abonos non consumidos e correspondentes aos concertos cancelados do ciclo inverno-primavera do Abono Venres e 4 concertos do Abono Sábado, que se especifican de seguido:**

Concertos “**Abono viernes**”:

- Abono nº 15 de fecha 20.03.2020
- Abono nº 16 de fecha 27.03.2020
- Abono nº 17 de fecha 03.04.2020
- Abono nº 18 de fecha 17.04.2020
- Abono nº 19 de fecha 24.04.2020
- Abono nº 20 de fecha 04.05.2020
- Abono nº 21 de fecha 15.05.2020
- Abono nº 22 de fecha 22.05.2020
- Abono nº 23 de fecha 29.05.2020
- Abono nº 24 de fecha 05.06.2020
- Abono nº 25 de fecha 12.06.2020
- 

Concertos de “**Abono sábado**”:

- Abono nº 08 de fecha 28.03.2020
- Abono nº 09 de fecha 25.04.2020
- Abono nº 10 de fecha 23.05.2020
- Abono nº 11 de fecha 13.06.2020

**2.- Unha vez recoñecido o dereito á devolución, proceder á inmediata execución da devolución tal e como se detalla no informe de Tesourería, cuxo tenor literal é o seguinte:**

**“6.910,37 €** serán devoltos directamente por Abanca (previo envío pola nosa parte da correspondente listaxe) xa que éstos foron vendidos a través do Canle Abanca. Deles, 5.090,69 € corresponden ao Abono Venres e 1.819,68 € corresponden ao Abono Sábado.

**77.045,93 €** serán devoltos directamente polo Consortio mediante transferencia bancaria ás contas bancarias que previamente foron facilitadas polos/as propios/as abonados/as. Deles, 70.110,41 € corresponden ao Abono Viernes e 6.935,52 € corresponden ao Abono Sábado.

**58.382,36 €** serán devoltos directamente por Abanca (previo envío pola nosa parte da correspondente listaxe). Éstes abonos foron vendidos directamente nas oficinas do Consortio para a Promoción da Música e

---

### Consortio para la Promoción de la Música

Glorieta de América nº 3 (Palacio de la Ópera), A Coruña. 15004 (A Coruña). Tfno. 981-252021. Fax: 981-277499  
info@sinfonicadegalicia.com-[www.sinfonicadegalicia.com](http://www.sinfonicadegalicia.com)-  
<http://consorciopromocionmusica.sedelectronica.gal>- C.I.F.: P-6503001-G



## Consortio para la Promoción de la Música

---

pagados polos/as abonados/as con tarxeta bancaria. Deles, 49.919,64 € corresponden ao Abono Venres e 8.462,72 € corresponden ao Abono Sábado.

En follas anexas, incorporadas ao expediente 838/2020, atopáanse debidamente detallados todos os datos dos/as abonados/as cos nomes, apelidos, documentos identificativos importes, etc. (figura unha listaxe por cada tipo de canle de devolución)

**3.- Incrementar a relación dos mecenas denominados “AMIGOS DA SINFÓNICA DE GALICIA” na cuantía de 29.567,89 €**, que corresponden a abonados/as que renuncian á devolución en favor do Consortio para a Promoción da Música e, polo tanto, e tal e como se fixo constar nun punto anterior, éste importe pasa a ser considerado “aportacións feitas no exercicio de funcións de mecenazgo previstas na Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de incentivos fiscales al mecenazgo”.

**4.- Proceder a publicación da presente Resolución na Sede Electrónica e Tableiro electrónico do Consortio para a Promoción da Música, así como na paxina web da Orquesta Sinfónica de Galicia, de conformidade co preceptuado no artigo 45 da Ley 39/2015 , de 1 de Octubre del Procedimiento Administrativo Común das Administraciones Públicas**, xa que o Consortio non pode proceder á notificación persoal a todos/as os/as abonados/as, dado que o mesmo ten 1.144 abonados/as do Abono Venres e 596 abonados/as do Abono Sábado. Ase mesmo, dunha inmensa maioría deles/as non hay constancia de que estén dados/as de alta na Administración Electrónica e tendo tamén en conta que o persoal do Consortio aínda se atopa en teletraballo, non resulta posible, nestes intre, a notificación postal.

O Xerente,  
Andrés Luís Lacasa Nikiforov

**DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE**

